



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS

Maio 2020

Santiago de Compostela, 17 de xullo de 2020

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Indicador de actividade e de VEB do sector servizos. Base 2015. Maio 2020


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de maio en Galicia unha caída do 29,8% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa 13,8 puntos superior á do mes de abril. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos diminúe o 33,6%, taxa 7,8 puntos superior á do mes anterior.
- No Comercio diminúe a facturación o 27,8% e nos Outros servizos o 36,3%.
- En todas as comunidades autónomas diminúe a cifra de negocios no mes de maio.
- O persoal ocupado no sector servizos rexistra un descenso do 6,5% en Galicia e do 6,9% en España respecto do mesmo mes do ano anterior.
- En todas as comunidades autónomas diminúe o persoal ocupado no mes de maio.



1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de maio en Galicia un descenso do 29,8% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa superior en 13,8 puntos á do mes de abril. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos diminúe o 33,6%, rexistro 7,8 puntos superior ao do mes anterior.



No mes de maio comezouse a recuperar a actividade nos establecementos que debido ao estado de alarma tiveron que pechar no mes anterior, aínda que con restricións e de forma paulatina segundo as distintas fases da desescalada.

O *Comercio*, cun descenso do 27,8%, resta 21,2 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* reducen a súa facturación o 36,3% e restan 8,6 puntos á taxa de variación do índice xeral.

En España a facturación no *Comercio* diminúe o 29,0% e nos *Outros servizos* o 42,0%.

Nas actividades comerciais, o *Comercio por xunto* diminúe o 30,8%, co que resta 17,0 puntos; o *Comercio ao retalho* cae un 13,9% e resta 2,4 puntos. O maior descenso rexístrase na *Venta e reparación de vehículos de motor*, -45,8%.

A nivel nacional, o *Comercio por xunto* diminúe o 28,3%, o *Comercio ao retalho* o 22,4% e a *Venta e reparación de vehículos de motor* o 49,5%.

Os *Outros servizos* reducen a cifra de negocios en Galicia o 36,3%. A *Hostalería* é o sector máis afectado pola crise sanitaria, o que se manifesta nunha caída do 89,8%, co que resta 3,7

puntos a taxa de variación do índice xeral, seguido das *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (-53,2%). *Información e comunicación* rexistra a menor caída, -4,5%.

En España, os *Outros servizos* diminúen o 42,0%. O maior descenso rexístrase na *Hostalería* (-87,1%), seguido de *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (-49,0%).

No que vai de ano, o índice xeral diminúe un 18,4% en Galicia e un 18,5% no conxunto do Estado. O *Comercio* diminúe un 19,9% en Galicia e un 17,0% en España. Nos *Outros servizos* redúcese a facturación en Galicia un 13,3% e en España un 21,3%.

1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice diminúe o 39,4% no mes de maio.


Os sectores que máis contribúen a este descenso son a *Hostalería* que, cunha taxa do -89,8%, resta 19,0 puntos e o *Comercio*, que resta 11,2 puntos cunha taxa do -27,0%.

1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios diminúe o 28,7% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 38,5%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.




1.4. Indicadores por comunidades autónomas

No mes de maio en todas as comunidades autónomas diminúe a cifra de negocios respecto ao mesmo mes do ano anterior. Os maiores descenso danse en Illes Balears (-57,3%) e Canarias (-48,3%). As comunidades nas que menos baixa a cifra de negocios son Murcia (-11,5%) e Extremadura (-19,3%).

No que vai de ano, as maiores caídas prodúcense en Illes Balears (-33,9%) e Canarias (-27,2%). Os menores descenso rexístranse en Murcia (-5,5%) e Extremadura (-9,5%).

Índices de cifra de negocios. Maio 2020

Taxa de variación en %



2. Persoal ocupado


2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado¹ diminúe en Galicia un 6,5% respecto ao mes de maio de 2019, catro décimas menos que en España (-6,9%).

O persoal ocupado diminúe un 1,7% no *Comercio* e un 10,2% nos *Outros servizos*. En España a ocupación diminúe no *Comercio* un 3,3% e nos *Outros servizos* un 9,2%. A maior caída rexístrase na *Hostalería*, cunha taxa de -17,5% en Galicia e do 17,1% en España.

No que vai de ano, o persoal ocupado redúcese un 2,6% en Galicia e un 2,5% no conxunto do Estado.

¹ Hai que ter en conta que as persoas acollidas a un Expediente de Regulación Temporal de Emprego (ERTE) seguen formando parte do persoal da empresa.




2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

En todas as comunidades autónomas diminúe o emprego no sector servizos no mes de maio con respecto ao mesmo mes do ano 2019. O maior descenso dáse en Illes Balears (-20,3%). A comunidade onde menos cae a ocupación é Murcia (-2,9%)

No que vai de ano, o maior descenso dáse en Illes Balears (-8,8%) mentres que Murcia é a comunidade con menor perda de emprego (-0,6%).

Índices de persoal ocupado. Maio 2020

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venta de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (propietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal y traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Maio 2020

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	92,7	-29,8	-18,4
Comercio	97,1	-27,8	-19,9
Venta e reparación de vehículos de motor	60,0	-45,8	-34,4
Comercio por xunto	102,7	-30,8	-22,4
Comercio ao retalho	92,5	-13,9	-8,8
Outros servizos	79,2	-36,3	-13,3
Transporte	96,5	-20,9	0,6
Hostalería	12,2	-89,8	-52,0
Información e comunicacións	103,2	-4,5	2,2
Actividades profesionais, científicas e técnicas	92,7	-25,1	-10,8
Actividades administrativas e servizos auxiliares	74,7	-53,2	-26,7
España			
Xeral	83,6	-33,6	-18,5
Comercio	89,2	-29,0	-17,0
Venta e reparación de vehículos de motor	69,2	-49,5	-37,1
Comercio por xunto	94,1	-28,3	-15,2
Comercio ao retalho	85,8	-22,4	-13,2
Outros servizos	73,5	-42,0	-21,3
Transporte	79,7	-37,1	-18,4
Hostalería	15,7	-87,1	-50,5
Información e comunicacións	95,4	-17,6	-8,7
Actividades profesionais, científicas e técnicas	96,8	-31,3	-15,0
Actividades administrativas e servizos auxiliares	65,2	-49,0	-23,4

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Maio 2020

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	77,0	-39,4	7,4
Comercio	92,7	-27,0	-19,3
Transporte	107,4	-23,2	-2,7
Hostalería	12,4	-89,8	-52,0
Información e comunicacións	105,7	-2,7	3,4
Actividades profesionais, científicas e técnicas	94,8	-25,3	-9,8
Actividades administrativas e servizos auxiliares	95,2	-34,9	-14,2

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

**Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.
Maio 2020**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE AÑO
ESPAÑA	83,6	-33,6	-18,5
Andalucía	86,7	-30,4	-16,1
Aragón	86,2	-28,2	-17,4
Asturias	84,9	-31,1	-17,5
Balears, Illes	58,0	-57,3	-33,9
Canarias	58,9	-48,3	-27,2
Cantabria	91,2	-30,9	-18,5
Castilla y León	79,9	-31,1	-16,6
Castilla-La Mancha	90,8	-27,0	-17,3
Cataluña	80,1	-34,3	-18,8
Comunitat Valenciana	90,0	-28,5	-15,0
Extremadura	95,5	-19,3	-9,5
GALICIA	92,7	-29,8	-18,4
Madrid	81,6	-37,6	-20,2
Murcia	115,7	-11,5	-5,5
Navarra	97,3	-24,5	-14,5
País Vasco	89,1	-30,6	-17,3
Rioja, La	91,9	-30,1	-16,2

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Maio 2020

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	101,3	-6,5	-2,6
Comercio	106,3	-1,7	-0,2
Venta e reparación de vehículos de motor	96,2	-4,6	-2,5
Comercio por xunto	118,5	-0,6	0,5
Comercio ao retalho	101,2	-1,8	-0,2
Outros servizos	97,5	-10,2	-4,5
Transporte	98,4	-8,3	-3,7
Hostalería	88,0	-17,5	-9,5
Información e comunicacións	106,9	-1,0	0,8
Actividades profesionais, científicas e técnicas	105,1	-3,3	-0,6
Actividades administrativas e servizos auxiliares	99,6	-11,1	-3,7
España			
Xeral	102,2	-6,9	-2,5
Comercio	103,2	-3,3	-0,8
Venta e reparación de vehículos de motor	102,9	-4,4	-1,7
Comercio por xunto	107,9	-2,5	-0,2
Comercio ao retalho	100,3	-3,6	-1,0
Outros servizos	101,5	-9,2	-3,6
Transporte	104,9	-5,1	-1,8
Hostalería	93,8	-17,1	-7,9
Información e comunicacións	108,3	-1,5	0,5
Actividades profesionais, científicas e técnicas	104,7	-3,2	-0,8
Actividades administrativas e servizos auxiliares	102,9	-10,5	-3,9

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.
Maio 2020**

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	102,2	-6,9	-2,5
Andalucía	99,0	-8,2	-3,0
Aragón	103,3	-6,6	-2,4
Asturias	99,4	-5,8	-2,4
Balears, Illes	102,8	-20,3	-8,8
Canarias	100,1	-8,9	-3,9
Cantabria	100,4	-8,2	-3,4
Castilla y León	99,1	-6,2	-2,7
Castilla-La Mancha	101,2	-6,3	-1,6
Cataluña	104,1	-6,5	-2,4
Comunitat Valenciana	103,0	-5,8	-1,5
Extremadura	101,0	-6,5	-2,8
GALICIA	101,3	-6,5	-2,6
Madrid	103,1	-5,7	-1,9
Murcia	112,0	-2,9	-0,6
Navarra	100,9	-8,1	-3,0
País Vasco	101,0	-4,9	-2,1
Rioja, La	102,8	-5,9	-2,1

Fonte: INE